



Ola rapaces e rapazas!

Hoxe escribovos dende o meu castelo, para preguntarvos que tal estades levando estes días na casa.

Sei que non é fácil, e que botades de menos saír e aos vosos amigos e amigas eu levo moitos días sen xogar con Durco! Habará días moi divertidos, inventando mil xogos novos, pero tamén días nos que vos sintades tristes ou enfadados por ter que estar na casa. É moi normal, a min tamén me pasa! Pero lémbrome moito da miña amiga do Aloia a ra, e cando me ocorre trato de respirar como ela me ensinou, para calmarme e estar tranquilo.

Para estar ben estes días tamén me axuda falar coa xente que boto de menos (sei que por aí tedes teléfonos, e incluso videochamadas!), e facer plans especiais en familia: disfrazarse, karaoke, olimpíadas caseiras, casas con teas, montar un teatro de monicreques na casa, biscoitos...

Aproveitade estes días para xogar moito coa vosa familia, seguro que estades a descubrir e aprender moitas cousas novas coa súa axuda.

Mándovos un abrazo enorme de parte de todo o reino da emocións, e lembrade: todo vai saír ben!

DRACO